

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA TRANSPORTE ESCOLAR PARA O CURSO 2020-2021 (EXP. 128/2021)

As presentes bases reguladoras da convocatoria de axudas para transporte escolar fanse ao abeiro da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Ordenanza municipal reguladora publicada no BOP nº 19, de data 25/01/2005.

Primeira.- Finalidade e réxime das axudas

1. A finalidade é fixar as bases reguladoras para o curso 2020-2021 das axudas e subvencións para transporte escolar que concede o Concello de Toén.
2. A concesión destas axudas realízase mediante o réxime de concorrencia competitiva segundo os criterios que se establecen.

Segunda.- Financiamento

Para a concesión das axudas convocadas destínase a cantidade de 1.500,00 €, que se financiará con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2021.

Terceira.- Contía das axudas

As contías das axudas estarán en función do número de solicitudes presentadas que cumpran os requisitos da presente convocatoria.

Cuarta.- Persoas beneficiarias

Serán persoas beneficiarias os/as estudantes que reúnan os seguintes requisitos:

- Residir e estar empadroad/a no Concello de Toén (comprobarase de oficio polo órgano instructor do procedemento)
- Non ter cumpridos os 26 anos no ano 2020
- Estar matriculado/a no curso académico 2020-2021, cun mínimo do 50% das materias correspondentes, nos seguintes estudos en centros da cidade de Ourense ou da provincia:
 - a) Bacharelato
 - b) Ciclos formativos de grao medio e superior
 - c) Estudos de grao que se impartan no Campus da Universidade de Vigo en Ourense


Quinta.- Documentación

Para solicitar esta axuda terá que achegarse a seguinte documentación:

- A solicitude, segundo o modelo de instancia normalizado (anexo I), debidamente cuberta e asinada pola persoa solicitante (no caso de ser menor de idade deberá asinala tamén o pai, nai ou titor/a).
- Certificado do centro onde o/a alumno/a realiza estudos, facendo constancia do curso no que está matriculado e de estar matriculado como mínimo do 50% das materias correspondentes.
- Fotocopia do DNI do/a solicitante e, no suposto de ser menor de idade, do seu pai, nai ou titor/a.
- Certificación de titularidade de conta bancaria da que sexa titular o/a solicitante ou, no caso de ser menor, do seu representante legal.
- Declaración responsable de que cumpre cos requisitos para acceder a estas axudas establecidos nas bases da convocatoria.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local, e coa Seguridade Social.
- Declaración responsable de non incorrer en ningunha das causas que impiden obter a condición de beneficiario segundo o artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración responsable de que se compromete a cumprir as obrigas que para as persoas preceptoras de axudas e subvencións establece o artigo 14 da dita Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración responsable de non ter solicitado nin obtido ningunha outra subvención, axuda, ingreso ou recurso para a mesma finalidade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado que resulte incompatible coa presente axuda.
- Declaración responsable na que se exprese o compromiso de aplicar o importe da axuda á finalidade para a que pretende a subvención.

Sexta.- Lugar e prazo

1. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Toén ou a través de calquera outro



medio dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Os modelos oficiais serán publicados na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>).
3. O prazo para a presentación das solicitudes será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia de Ourense.

Sétima.- Órgano de instrución

A competencia de instrución do procedemento de concesión corresponderalle á traballadora social do Concello. Realizaranse de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

Oitava.- Órgano competente para resolver e publicidade da concesión

Unha vez avaliadas as solicitudes polo órgano instrutor este elevará informe á Alcaldía, quen formulará proposta de resolución que se someterá á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver. A resolución ditarase no prazo máximo de un mes dende a data de remate do prazo para a presentación de solicitudes.

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación na sede electrónica municipal (<http://concellodetoen.sedelectronica.es>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es>), con expresión dos/as beneficiarios/as e da contía das subvencións concedidas.

Novena.- Xustificación e pagamento

1. Procederase ao pagamento da subvención concedida unha vez que as persoas beneficiarias xustifiquen debidamente o importe da subvención concedida.
2. A data límite será o día 30/11/2021.
3. A estes efectos terá que achegarse a seguinte documentación, segundo o modelo normalizado (anexo II), debidamente cuberta e asinada pola persoa solicitante (no caso de ser menor de idade deberá asinala tamén o pai, nai ou titor/a):
 - Declaración formal de todas as subvencións, axudas ou ingresos solicitados e/ou concedidos para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou ente público ou privado.
 - Declaración na que se sinala que a axuda percibida foi destinada na súa integridade a sufragar os gastos derivados do transporte dende o núcleo de residencia ao centro onde realiza os estudos.
 - Declaración xustificativa de estar ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal e Autonómica) e coa Seguridade Social.

Décima.- Criterios de valoración

A axuda concederáselle a todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos mencionados na presente convocatoria, procedéndose á distribución de xeito proporcional ó crédito orzamentario dispoñible. Para o cálculo da axuda atenderase a dous criterios, o custo diario de ida e volta do transporte público regular e o número de días lectivos do curso, conforme ós seguintes datos:

- O custo de ida e volta do transporte regular dende os núcleos do Concello de Toén ata Ourense é de 3,00 €/día

- Segundo a Orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 25 de xuño de 2020 (DOG núm. 136 do 9 de xullo de 2020), estímase que o número de días lectivos do curso 2020-2021 é de 172.

Disposición final

En todo o non especificado nestas bases aterase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén. Tamén se aplicará a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



